

## MEDINDO DECISIÓNS N'A MEDICIÓN DO MUNDO

**Patricia Buján Otero**

Universidade de Vigo

buxan@uvigo.es

[Recibido: 30/10/08; aceptado: 14/11/08]

KEHLMANN, Daniel (2007) *A medición do mundo*. Tradución de Patricia Buján Otero. Vigo: Editorial Galaxia. 318 páx. ISBN: 978-84-8288-952-8.

No presente artigo, como corresponde aos traballos incluídos nesta sección de “Traducións xustificadas”, dou fundamentalmente conta das principais decisións tradutolóxicas que tomei no proceso de tradución do alemán para o galego da novela *Die Vermessung der Welt*, de Daniel Kehlmann. No entanto, pensando nun posíbel grupo destinatario deste artigo composto por persoas en formación como futuros profesionais da tradución, quero aproveitar tamén a posibilidade para presentar cal foi a situación comunicativa da encarga, xa que, por unha banda, determinou parte das decisións adoptadas e, pola outra, permite visibilizar, aínda que sexa parcialmente, o proceso de edición dun libro no sistema literario galego na parte que atinxe á tradutora. Centrareime xa que logo na tradución como proceso, e falarei non só de decisións tradutolóxicas relacionadas directamente cos textos, senón tamén de decisións relacionadas coa xestión que nunca debemos esquecer e que constitúen unha parte importante do labor de quen vive deste traballo.

### **Inicio da encarga**

O iniciador da encarga de tradución para o galego de *Die Vermessung der Welt* foi a empresa Editorial Galaxia, con sede en Vigo e, en concreto, o seu editor responsábel das coleccións de literatura. Trátase dunha editora con recoñecido prestixio e unha longa traxectoria editorial (dende a súa primeira publicación no ano 1951, deu á luz máis de 2000 títulos), que ademais no momento da encarga estaba a conformar a súa imaxe como empresa comprometida por achegarlles aos lectores galegos en tempo e forma produtos literarios contemporáneos doutras literaturas. A tradución partiu do texto publicado no ano 2005 por Rowohlt Verlag, e que foi proporcionado polo iniciador da encarga.

A obra traducida íase encadrar dentro da colección de narrativa Biblioteca Compostela de Narrativa Europea dirixida a un público adulto (esforzo común da Editorial Galaxia e a Concellaría de Cultura do Concello de Santiago), unha colección que aposta por fornecer o sistema literario galego con textos de actualidade que acadan importantes volumes de vendas noutros sistemas e que, até o momento en que se iniciou a encarga, unicamente incluía os títulos *A casa dos encontros* (de M. Amis traducida por Eva Almazán) e *A pensión Eva* (de A. Camilleri traducida por Carlos Acevedo). Outra característica desta colección é que segue a política editorial que pretende a publicación do texto en galego previa ou simultánea á publicación noutras linguas próximas, especialmente do castelán. Atendendo a esta idea, o editor especificou uns prazos de entrega certamente axustados. Despois de analizar a carga de traballo nesa época e a posibilidade de darlle prioridade a este traballo sen que se visen afectados os demais compromisos laborais con outros clientes (e, naturalmente, tamén outras cuestións, como tarifas e interese persoal), aceptei o prazo e dispuxen de capacidade case plena durante cinco semanas para a elaboración da tradución e a súa revisión (as fases de lectura da obra e documentación inicial xa foran previamente resoltas; tampouco se inclúen neste intervalo de tempo as fases de comprobación das tarefas alleas —sen incluír a maquetación—, nomeadamente revisión allea e corrección lingüística allea, en que a tradutora acepta ou rexeita os cambios propostos).

### **Breve comentario sobre a obra orixinal**

Antes de dar inicio ao propio comentario da tradución, gustárame introducir unhas breves notas sobre a obra orixinal que lle permitan a quen non estea familiarizado coa novela seguir as referencias que menciono máis adiante.

*Die Vermessung der Welt* é unha novela de carácter histórico sobre o nacemento da ciencia moderna; está ambientada na época do clasicismo de Weimar, a cabalo entre os séculos XVIII e XIX, e nela o autor recrea as biografías de dúas iconas da historia alemá moderna: Carl Friedrich Gauss, o chamado “Príncipe dos matemáticos”, e Alexander von Humboldt, científico e explorador que, malia a fama mundial que tivo na súa época, quedou para a historia á sombra do seu irmán, Wilhelm von Humboldt. Kehlmann recrea estas biografías con ironía, sátira e, en xeral, cun particular sentido do humor, elemento que contribuíu sen dúbida ao éxito da obra tanto entre o lectorado de lingua alemá, coma entre os moitos outros lectores que puideron acceder á obra grazas ás súas numerosas traducións (a máis de vinte linguas). O título deriva da obsesión dos dous personaxes por mediren o mundo, malia que cada un adopta estratexias antagónicas con que abordar esa tarefa: un deles, percorrendo longas distancias a través da selva amazónica guiado pola súa obsesión científica de recompilación de datos, e o outro sen apenas moverse da casa. A novela, dividida en dezaseis capítulos, iníciase no primeiro co encontro entre estes dous grandes homes de caracteres aparentemente opostos, e séguenlle varios

capítulos que de forma alterna novelan a vida de Gauss e a de Humboldt, até que na última parte se volve retomar o momento histórico en que se inicia a novela. Nestes últimos capítulos, os protagonistas inician amizade e comparten os seus saberes científicos, así como as súas teimas e reflexións sobre a vellez.

A crítica ten sinalado que a obra constitúe tanto unha sátira sobre o que significa ser alemán coma sobre a vellez e o proceso de envellecemento.

Sobre o autor e a súa obra, cómpre salientar o feito de que *Die Vermessung der Welt* foi a sexta publicación de Kehlmann e, sen dúbida, a de maior éxito editorial (foi finalista no ano 2005 do Premio Alemán do Libro que concede anualmente a Asociación de Editoras e Librarías Alemás). Tamén se tivo en conta este feito para a tradución: encontrabámonos ante un autor novo sen tradición de tradución en galego nin nas linguas xeograficamente próximas.

### **Fase previa á tradución: determinación do estilo**

Dado que a editorial non facilitou preferencias (agás unha advertencia sobre unha locución conxuntiva non desexada) nin contaba cun libro ou normas de estilo propias, que facilitarían o traballo dos diferentes axentes que interveñen no proceso da tradución dun libro e que lle conferirían homoxeneidade ás coleccións, cumpriu facer unha análise dos trazos estilísticos aplicados en publicacións previas da mesma colección (normativa aplicábel, emprego da cursiva ou das comiñas para reprodución de citas textuais, formas preferidas ante as opcións duplas admitidas pola norma do ILG/RAG 2003, como 1ª ou 2ª forma do artigo, *-ble* ou *-bel...*). Contouse ademais co inestimábel asesoramento dunha das tradutoras habituais da editora, Eva Almazán, que neste caso ademais asumiu a encarga de revisión da tradución. Aclarar todas estas cuestións antes do inicio da propia fase de tradución, tomar as decisións oportunas e —moi importante— fundamentalas, e deseñar con elas a estratexia de tradución resulta fundamental, xa que calquera cambio de parecer que se adopte no medio do proceso de tradución unicamente entorpecerá e ralentizará o traballo: implicará ter que volver sobre o xa escrito e facer as correccións oportunas, coa conseguinte perda de tempo e co inevitábel risco de que a versión final presente incoherencias e, polo tanto, problemas de calidade.

Tendo en conta as temáticas que se tratan no texto, outro dos traballos previos fundamentais foi o de documentación (aínda que tamén se levou naturalmente a cabo unha documentación simultánea durante o propio proceso tradutivo). Dado que me encontraba ante unha obra que trata fitos históricos e saberes científicos, cumpría dirixir a documentación nestas dúas liñas: estudo das dúas figuras protagonistas (achados científicos, relevancia histórica...), estudo dos distintos acontecementos históricos, políticos e sociais que se mencionan (duque de Brunswick, Napoleón, cambios xeopolíticos no centro de Europa, Thomas Jefferson...), e documentación sobre conceptos e procedementos típicos de distintas disciplinas científicas, como a xeodesia, a astronomía e as matemáticas (campá de Gauss, manexo do sextante e do teodolito...).

Como é habitual no traballo de quen traduce, coa lectura do TO puideron establecer que retos e dificultades presentaba o texto no seu nivel macroestrutural, e decidir así, antes de iniciar a tradución, os mecanismos necesarios con que resolver esas dificultades. Permitíume ademais establecer a empatía necesaria co estilo do autor do texto orixinal, particularmente co humor que, como xa sinalei, constitúe ao meu ver un dos elementos máis característicos do estilo da novela. Trátase particularmente dun humor que desfai os mitos e xoga cos momentos ridículos da grandeza; neste sentido encontrámonos, por exemplo, ante un Kant xa ancián, acosado pola demencia senil e que lle di ao seu criado, sen vir a conto, que cómpre ir mercar embutido, ou a Humboldt xustificando a necesidade de levar conta de todos os piollos existentes entre os habitantes das rexións equinocciais.

### **Algúns retos concretos**

No nivel discursivo e gramatical, un dos principais retos que presentou a novela foi a forma de representar os diálogos no galego, e non me estou a referir a meras cuestións de puntuación, senón ao estilo de expresión deses diálogos, nomeadamente, estilo indirecto *vs.* estilo directo. O diálogo é unha forma discursiva que ocupa un papel destacado na novela, para o que o autor do TO optou polo estilo indirecto. Como el mesmo ten explicado en diversas entrevistas (véxase por exemplo a entrevista publicado no *Frankfurter Allgemeine Zeitung* do 9 de febreiro de 2006), o estilo indirecto permítille tomar distancia con respecto a dous personaxes que constitúen mitos da cultura alemá, dous personaxes que, na súa opinión, son fundamentais para poder entender hoxe en día o que significa ser alemán. O estilo indirecto é unha posibilidade expresiva tamén presente na lingua galega, mais ofrece un trazo distintivo fundamental nas dúas linguas que me levou a optar no galego por unha forma mixta en que combinase estilo indirecto e estilo directo. Este trazo consiste no feito de que, alén doutras formas, a lingua alemá conta cun tempo verbal específico para representar o estilo indirecto, o *Konjunktiv I*, que exige do uso dos verbos de fala; en galego, no entanto, é imprescindible empregalos para introducir as citas. De conservarmos o estilo indirecto na mesma porcentaxe en que se emprega no alemán, estaríamos a sobrecargar o TM de verbos de fala que entorpecerían a lectura, e atentariamos así contra unha das principais características do estilo da obra, tanto do TO coma do TM, que é a lexibilidade. Xa que logo, na tradución optouse por unha combinación de ambos os estilos, como se pode apreciar no seguinte extracto:

**TO:** Bonpland bekam einen Hustenanfall. Tränen liefen ihm über das Gesicht, er spuckte Blut. Hier sei nichts, keuchte er. Es sei heißer als in der Hölle, es gebe nur Gestank, Moskitos und Schlangen. Hier werde nie etwas sein, und dieser dreckiger Kanal werde nichts daran ändern. Könnten sie jetzt endlich zurück?

Humboldt starrte ihn ein paar Sekunden an. Das habe er noch nicht entschieden. Die Mission Esmeralda sei die letzte christliche Siedlung vor der Wildnis. Von dort aus komme man durch unerforschtes Gebiet in wenigen Wochen zum Amazonas. Dessen Quellen habe noch keiner gefunden.

Mario bekreuzigte sich.

Andererseits, sagte Humboldt nachdenklich, sei es vielleicht unklug. Die Sache sei nicht ungefährlich. Wenn er nun unterginge, verschänden mit ihm alle Funde und Ergebnisse. Niemand würde davon erfahren.

Das dürfe man nicht riskieren, sagte Bonpland.

Tollkühn wäre es, sagte Julio.

Gar nicht zu reden von denen! Mario zeigte auf die Leichen. Niemand würde sie zu sehen kriegen!

Humboldt nickte. Manchmal müsse man zurückstehen können.

**TM:** A Bonpland deulle un ataque de tose. Chorábanlle os ollos e cuspiu sangue. Entre arquexos, dixo que alí non había nada, que alí facía máis calor ca no inferno, e que só había peste, mosquitos e serpes:

—Aquí nunca haberá nada e este canal noxento non fará que nada mude. Podemos volver xa dunha vez?

Humboldt fitouno un intre e despois dixo que non o decidira, que antes de entrar en territorio completamente salvaxe aínda había un asentamento cristián, a Misión Esmeralda. A partir de aí, e tras unha viaxe dunhas poucas semanas por zona ignota, chegarían ao Amazonas, cuxo nacemento aínda non se coñecía.

Mario persignouse. Humboldt seguiu falando, pensativo: tamén era certo que talvez non fose boa idea, porque a travesía non estaría libre de perigos; ademais, se fracasaba, con el desaparecerían todos os achados e logros acadados e ninguén chegaría saber nunca deles.

—Non podemos arriscar —díxolle Bonpland.

—Sería moi ousado —dixo Julio.

—Por non falar destes —dixo Mario sinalando para os cadáveres—. Ninguén chegaría nunca a velos!

Humboldt asentiu: ás veces cumpría saber renunciar a certas cousas.

Considererei ademais que o grao de estrañeza que comenta o autor que sentirían os lectores alemáns ao leren “palabras textuais” na boca de dúas figuras emblemáticas non se reproduciría nos lectores galegos, por tratarse de personaxes máis afastados ou, cando menos, menos presentes no imaxinario.

Interesante foi tamén a discusión sobre o título, que neste caso foi acordado directamente co editor (non se debe esquecer que este libro, dadas as caracte-

terísticas da editorial, da colección en que se insire e do público xeral a que vai dirixido, ademais dun indiscutíbel ben cultural, é un produto empresarial que precisa ser vendido). O substantivo *Vermessung* indica unha acción, o proceso de medir, que é o que se describe na obra: dúas vidas obsesionadas con medir o cosmos. Para presentar a acción podíamos optar en galego por empregar un verbo en forma non-persoal (*medir o mundo, medindo o mundo*; de feito, esta opción foi a empregada en inglés: *Measuring the world*) e, polo tanto, por unha estrutura de título menos usual nunha obra de narrativa, ou ben optar por un substantivo que reproduce tanto o efecto coma a acción e que encaixaría ademais no esperábel dentro deste xénero textual para o caso galego. Foi así que finalmente optamos por *A medición do mundo*.

Outro dos elementos fundamentais nesta estratexia foi a decisión de como tratar a onomástica, tanto antropónimos como topónimos. Agás aqueles nomes que presentaban algún grafema alleo ao alfabeto latino aplicado no galego e que poderían presentar dúbidas en canto á pronuncia (por exemplo, mudouse Gauß por Gauss), mantivéronse sen cambios todos os que na súa forma orixinal se representan co alfabeto latino (por exemplo, Chimborazo, Göttingen, Cartagena...), agás uns poucos casos de topónimos cunha longa tradición de adaptación, como son Londres, Berlín, París ou San Petersburgo. Trato ben diferente recibiron os topónimos que na súa forma orixinal se escriben noutro alfabeto; neste caso, tratouse dos topónimos rusos e chineses a que se fai mención no penúltimo capítulo (como Tilsit, Dorpat, o río Narwa, Nizni Novgorod etc.). Cómpre ter en conta que os métodos de transliteración poden variar segundo a lingua de chegada (ben por uso ou por pronuncia), polo que neste caso non podíamos reproducir as transliteracións alemás. As obras fundamentais de documentación para o galego foron neste caso o *Atlas xeográfico Cumio de Galicia e do mundo* e mais a *Enciclopedia Galega Universal* da editorial Ir Indo.

### **Antes da entrega**

A tradución realizouse nun editor de texto e, antes da entrega, someteuse a varias fases de revisión. Unha delas foi o propio cotexo co texto orixinal, que non só permite distinguir erros de sentido ou comprensión, senón tamén detectar posíbeis omisións non-xustificadas (o risco é elevado cando o TO só está dispoñíbel en papel, e máis cando non se elabora a tradución coa axuda de ferramentas TAO, que adoitan incorporar funcións automáticas de detección de segmentos baleiros). Outro tipo de revisión a que se someteu o texto traducido foi á localización de formas dialectais ou erros recorrentes propios da autora (entre outros, emprego do pronome persoal *lle* para o plural, confusión entre as formas de pretérito de indicativo *viu* e *veu*, localización de conxugacións incorrectas do pretérito de subxuntivo co sufixo *-ara/-era/-ira* no canto de *-ase/-ese/-ise* etc.). Malia que isto poida parecer obvio, considero que para ofrecer un traballo profesional de calidade é fundamental sermos conscientes das ei-

vas que podemos ter, para así podermos centrar a atención nelas e superalas. Igualmente é importante fomentar esta consciencia das propias carencias entre as tradutoras e tradutores en formación ou con pouca experiencia tradutiva.

### **Fase final**

Unha vez entregada a tradución, iniciouse o proceso de revisión e corrección dentro da editorial, para o que en todo momento se contou co visto e prace da tradutora. Así debe ser ademais, xa que as traducións son obxecto de propiedade intelectual conforme á Lei española de propiedade intelectual, e o copyright correspóndelle á autora ou autor da tradución. Por parte da editorial, o texto foi sometido a unha revisión da tradución previa á maquetación e a unha revisión ortotipográfica posterior á maquetación. Neste proceso de revisión allea a tradutora tivo que xustificar algunhas das súas escollas, fundamentalmente de tipo léxico, que presentaban dúbidas ás persoas encargadas da revisión.

### **REFERENCIA BIBLIOGRÁFICA**

VON LOVENBERT, F. 2006. “Bucherfolg. ‚Ich wollte schreiben wie ein verrückt gewordener Historiker’”. (Entrevista a Daniel Kehlmann). En *Frankfurter Allgemeine Zeitung*. 09. Februar 2006. Núm. 34, p. 41. URL: <http://www.faz.net/s/Rub1DA1FB848C1E44858CB87A0FE6AD1B68/Doc~EA152D60DA48E4539AC35DDC63D3DAB89~ATpl~Ecommon~Scontent.html>

